



**A ASOCIACION CULTURAL GALEGA "ROSALÍA DE CASTRO" DE CORNELLÀ (BARCELONA) CONVOCA
O CERTAME DE POESÍA DO ANO 2023. Baixo as seguintes BASES:**

XXXVII EDICIÓN DO CERTAME INTERNACIONAL DE POESÍA EN LINGUA GALEGA "ROSALÍA DE CASTRO"

1.- O poema estará escrito en lingua galega e terá un mínimo de TRINTA versos e un máximo de CEN versos. Admitiranse conxuntos de poemas con temática común, sempre que non excedan dos CEN versos.

IMPORTANTE: non encadernar nin grampar. Numerar paxinas, aforrar papel na medida do posible

2.-Os traballos poden enviarse do seguinte xeito:

A) Enviando un correo electrónico a dirección: certameacgrosaliadecastro@gmail.com. Nun documento adxunto, os datos de autor: **nome, apelidos, DNI, telefono e correo electrónico, lugar de residencia e precedencia**, no que figurará o título do poema. De tal xeito que tan só o albásea do Certame (persoa designada pola Xunta Directiva da Entidade) terá acceso a esa dirección electrónica e fará as copias oportunas para facilitárllelas aos membros do Xurado do Certame.

B) Por correo ordinario ao enderezo da Entidade: rúa Federico Solar, nº 71. 08940 – Cornellà de Llobregat (BCN). No remite non poderá figurar o autor. Dentro, noutro sobre pechado, deberá estar o título do poema e no interior os datos do autor: nome, apelidos, DNI, telefono e correo electrónico, lugar de residencia e precedencia. Os premiados deberán facilitar os traballos en soporte informático, tipo Documento Word ou PDF, á organización.

PRAZO MAXIMO DE ENTREGA: 15 de OUTUBRO do 2023.

3.-Non se considerarán partícipes máis de dúas aportacións dun autor. É dicir, tan só se admitirán dous poemas ou conxunto de poemas a un autor, de tal xeito que será premiado un só dos poemas presentados por ese autor.

4.-A Asociación C.G.Rosalía de Castro nomeará ao Xurado entre personalidades relevantes da creación e da crítica literaria.

5.- 1º Premio : 1.150 €. 2º Premio: 275€. 3º Premio 175€.

6.-O Xurado poderá propoñer algún Accésit, pero sen aportación económica algunha.

7.- O veredicto do Premio darase a coñecer na Cea de convivio a final das Xornadas Culturais que a *A.C.G. Rosalía de Castro* celebra nos finais de Outono, e principios de Decembro do 2023.

8.- O feito de concursar supón acepta-las Bases do Certame, así como as resolucións do Xurado. Non se devolverán os orixinais presentados.

9.- A Entidade resérvase o dereito de publicación e tradución dos orixinais gañadores no formato e medio que estime oportuno, sen límite de exemplares e de edicións, permitíndolle aos autores calquera outra posible edición posterior, baixo a comunicación á Entidade, facendo citación expresa da Entidade e do Certame.

Nota final: Cada ano, na revista da *A.C.G. Rosalía de Castro*, "LÚA NOVA", véñense publicando os premiados neste Certame de Poesía en Lingua Galega. E cada cinco anos recóllense tódolos premiados publicándose un libro conmemorativo. Tamén se entrevistarán aos gañadores nos programas que patrocina a propia Asociación: "*Semprengalicia*" de Radio Cornellà e "*Galegos no BAIX*" en Radio Sant Boi.